

Anda o tempo revolto.

Ruxe a tormenta.

Aquela noite o mosteiro era un corazón latexando baixo o ceo. O vento ergueuse con furia, os tronos soaban ao lonxe, e o mundo parecía tremer con cada lóstrego. Martiño, vello e xa canso, sentía que algo estaba a piques de rebentar, dentro e fóra.

Non había partituras coidadas nin movementos medidos. Agora a música viña coma tormenta, sen pedir permiso. A orquestra xa non era tan ordenada, mais era viva, pulsante, emotiva.

Chegou o Romanticismo.

Agora non é a forma a que guía o sentimento, senón o contrario.

As cordas ruxían, os metais imploraban, e a música xa non era só beleza: era loita, esperanza, dor, amor. Todo ao mesmo tempo.

Martiño sentiu a forza dos sentimentos que durante anos gardara en silencio. A orquestra medra, os compositores escriben música como quen escribe un poema, unha carta de amor ou un berro de revolta. A música convértese nun espello da alma humana.

Martiño escoitaba e choraba de emoción.

Cando a música cesou tamén o fixo a tormenta. Martiño levantouse, ergueu os brazos, e murmurou:

—Agora entendo. A música non era só beleza, era vida—.



“Ruxe a tormenta”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Reconecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)